

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 19 de xuño de 2024

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 19/06/2024
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 19/06/2024.
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Regulamento de Traballo Fin de Grao da Escola Enxeñaría de Minas e Enerxía
- V. Calendario escolar das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2024/2025
- VI. Calendario de Traballo Fin de Grao para o curso académico 2024/2025
- VII. Calendario de Traballo Fin de Máster para o curso académico 2024/2025
- VIII. Horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2024/2025
- IX. Rexistro de calidade R1 DO-0202 Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2024/2025.

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 3 de abril de 2024.**

O borrador da acta achegouse por correo xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión; esta será publicada na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola, de acceso libre:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

2. **Informe da Directora**

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

3. Aprobación, se procede, do Regulamento de Traballo Fin de Grao da Escola Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora sinala que os principais motivos para a elaboración deste novo regulamento (Anexo IV) son a adaptación da normativa do centro á nova normativa da UVIGO e que este é o primeiro curso da materia Traballo Fin de Grao dos novos plans.

Cede a palabra a Francisco Deive, Coordinador da materia TFG no Grao en Enxeñaría da Enerxía, quen sinala as principais características do regulamento, dos novos modelos de póster e memoria, e dos novos formularios de solicitude e cualificación. Finalmente salienta a elaboración dunha rúbrica máis detallada, non obrigatoria, que poida servir de ferramenta na avaliación dos TFG. Aclara que a proposta de regulamento xa foi informada favorablemente pola asesoría xurídica da Universidade e só resta facer a revisión do emprego de linguaxe incluso e normalización lingüística.

A Xunta de Escola aproba o regulamento por asentimento.

A Directora agradece o traballo realizado a Francisco Deive, coordinador do TFG do GEE, e Iria Feijoo, coordinadora do TFG do GERME.

4. Aprobación, se procede, do Calendario escolar das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2024/2025.

A Directora cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, quen comenta a proposta de calendario (Anexo V) que foi achegado con antelación aos membros da Xunta de Escola.

Indica que se basea no que xa foi aprobado pola Universidade e que é similar ao do curso anterior. Sinala as datas de comezo do curso, e comenta brevemente as principais datas da proposta de calendario escolar para as titulacións de grao.

A continuación comenta o calendario do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas sinalando as principais datas propostas.

A Xunta de Escola aproba as propostas de calendario por asentimento.

A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado.

5. Aprobación, se procede, do Calendario de Traballo Fin de Grao para o curso académico 2024/2025.

A Directora cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, quen comenta a proposta (Anexo VI), indica as novidades ocasionadas polos novos procedementos de tramitación en SIGMA.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado e aclara que se farán sesións informativas e se lembrarán as datas importantes.

6. Aprobación, se procede, do Calendario de Traballo Fin de Máster para o curso académico 2024/2025.

A Directora cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, quen comenta a proposta (Anexo VII), e indica que ten unha estrutura similar ao calendario de TFG.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento. A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado.

7. Aprobación, se procede, dos horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico 2024/2025.

A Directora salienta o contexto de ter que aprobar os horarios sen ter aprobados os PODs das titulacións de grao. Cede a palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, quen presenta a proposta de horarios (Anexo VIII) e sinala que a proposta foi consensuada co profesorado probable das materias.

Indica que, coa implantación do 1º curso do novo plan do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, foi necesario deseñar uns horarios novos para este curso pero aclara que está consensuado co profesorado correspondente. Sinala que a parte do horario relativa ás materias optativas para os diferentes colectivos de acceso se adaptará en función da matrícula e aclara o encaixe das materias que se imparten ao mesmo tempo para estudantado de 1º do plan novo e de 2º do plan en extinción.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

A Directora agradece o traballo de María Araújo na elaboración dos horarios.

8. Aprobación, se procede, do rexistro R1 DO-0202 Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2024/2025.

A Directora cede a palabra a Guillermo García, Coordinador de Calidade, quen amosa o documento proposto (Anexo IX) e sinala que se basea no PAT-ANEAE do curso anterior, recollendo uns pequenos axustes: actualización dos nomes das persoas titoras, inclusión de mencións ao Máster en Xestión Sostible da Auga e introdución uns pequenos cambios nos formularios das enquisas finais de satisfacción (anexos IV-B e IV-C do documento). Engade que no documento amosado xa se recollen unhas correccións puntuais efectuadas na Comisión de Calidade.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta.

A Directora agradece a Guillermo García o traballo realizado.

9. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Non hai.

10. Rogos e preguntas.

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 14 horas do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a dezanove de xuño de dous mil vinte e catro.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 19/06/2024

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 19/06/2024

ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 19/06/2024

Persoal Docente e Investigador

1. Alejano Monge, Leandro
2. Alonso Prieto, Elena
3. Araújo Fernández, María
4. Arias Sánchez, Pedro
5. Cabeza Simó, Marta
6. Conde Fontenla, Marcos
7. Deive Herva, Francisco Javier
8. Diez Ferrer, José Bienvenido
9. Domínguez Santiago, Ángeles
10. Eguía Oller, Pablo
11. García Bastante, Fernando
12. García Lomba, Guillermo
13. Giráldez Pérez, Eduardo
14. González Rodríguez, Elena
15. Patiño Vilas, David
16. Pérez Orozco, Raquel
17. Pérez Pérez, M^a Carmen
18. Pozo Antonio, José Santiago
19. Rodríguez Rodríguez, Ana María

Alumnado

20. Alonso Pérez, Carmen
21. Parente Artime, Belén

Persoal de Administración e Servizos

22. Romo Pérez, M^a del Carmen

Desculpan a súa ausencia

- Liz Marzán, Eduardo
- Rivas Brea, Teresa
- Vázquez Dorrío, José Benito
- Vijande López, Javier
- Salgado Díaz, Mateo

ANEXO III

Informe da Directora

ANEXO IV

Regulamento de Traballo Fin de Grao da Escola Enxeñaría de Minas e Enerxía

ANEXO V

Calendario escolar das titulacións impartidas na Escola de
Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso académico
2024/2025

ANEXO VI

Calendario de Traballo Fin de Grao para o curso académico
2024/2025

ANEXO VII

Calendario de Traballo Fin de Máster para o curso
académico 2024/2025

ANEXO VIII

Horarios das titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría
de Minas e Enerxía para o curso académico 2024/2025

ANEXO IX

Rexistro de calidade R1 DO-0202 Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2024/2025